



ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA (IVTM)

Artigo 1.- NATURALEZA E FUNDAMENTO

O imposto regulado nesta Ordenanza rexerese polos art. 93 o 100 da Lei 39/88 de 28 de decembro reguladora das facendas locais, segundo as modificacións da Lei 51/2002, e as disposicións que as desenvolvan.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE (Art. 93 L.R.H.L.)

1.- O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas rúas públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2. Considérase vehículo apto para a circulación o matriculado no Rexistro de Tráfico e mentres non cause baixa no mesmo. Para os efectos deste imposto tamén considéranse aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3. Non están suxeito a este imposto:

- a) Os vehículos que foron baixa no Rexistro de Tráfico por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.
- b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica que a súa carga útil non sexa superior a 750 quilogramos.

Artigo 3.- SUXEITO PASIVOS. (Art. 95 L.R.H.L.)

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria a nome do cal consta o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 4.- RESPONSABLES (Art. 37 y ss L.G.T.)

1.- Responden solidariamente das obrigas tributarias toda-las persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas entidades.



3.- Se é o caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse os socios ou partícipes no capital, os cales responderán delas solidariamente ata o límite do valor da cota de liquidación adxudicada.

4.- Os administradores de persoas xurídicas que non realizaron os actos necesarios que foran da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometa unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometa unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) Nos supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias na data do cese.

5.- A Responsabilidade esixirase en calquera caso nos termos e conforme co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- COTA TRIBUTARIA (Art. 96 L.R.H.L.) (Art. 31 Lei 51/02)

1- De conformidades co previsto no artigo 95.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable neste municipio para todas as clases de vehículos e o de 1,4.

2- Dito coeficiente aplicarase sobre as tarifas vixentes en cada momento segundo se recollan no artigo 96.1 da lei 39/88 ou nas que as modifiquen.

3- A potencia fiscal expresada en cabalos fiscais é a establecida de acordo co disposto no anexo V do Regulamento Xeral de Vehículos R.D. 2822/1998, de 23 de decembro, e art. 260 do Código de circulación.

4- Salvo determinación legal na contra, para a determinación das diversas clases de vehículos estarase o disposto no Regulamento xeral de vehículos.

Artigo 6.- EXENCIONS

1.- Estarán exentos deste imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos a defensa nacional ou seguridade cidadá.
- b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, Axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de na súa extensión e grao.
- c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en Tratados ou Convenios Internacionais.



- d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou traslado de feridos ou enfermos.
- e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida que a tara non supere os 350 Kg, e que, por construción, non poidan alcanzar en llano unha velocidade superior a 45 Km/h, proxectados e construídos especialmente (e non meramente adaptados) para o uso de persoas con algunha disfunción o incapacidade física.
- f) Os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto a os vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados o seu transporte. Considéranse persoas con minusvalía aquelas que teñan esta condición legal en grao igual ou superior a 33 por 100.
As exencións previstas neste apartado e no anterior non se aplicarán os suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.
Para poder disfrutar da exención a que se refire o presente apartado os interesados deberán xustificar o destino do vehículo, aportando o Concello acreditación suficiente das persoas que transportan có vehículo para o que se solicita a exención, así como o grao de minusvalía que lles afecta.
- g) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos o servicio de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor.
- h) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de cartilla de Inspección Agrícola.

2. Para ter dereito a disfrutar das exencións a que se refiren as letras e), f) e h) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio.

3. Declarada esta polo Concello, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

4. As exencións solicitadas con posterioridade o devengo do imposto, referentes a recibos-liquidacións que foron xiradas e non adquiriron firmeza no momento da solicitude, e dicir antes de que transcorra o prazo que fixa o artigo 14 da Lei 39/88 R.H.L., xurden efectos no mesmo exercicio, sempre e cando se cumplan, na data de devengo do imposto, os requisitos esixidos.

Artigo 7.- BONIFICACIONES

1. Establecese unha bonificación do 100 por cento para os vehículos históricos, os que se refire o artigo 1 do Regulamento de Vehículos Históricos, R.D. 1247/1995, de 14 de xullo. O carácter histórico do vehículo acreditarase aportando certificado da catalogación como tal polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

2. Establecese unha bonificación do 100 por cento para os vehículos que teñan unha antigüidade superior a 25 anos.



A antigüidade do vehículo contarase dende a data da súa fabricación; se esta non se coñece, tomarase como tal a súa matriculación, ou, se falta, a data no que o correspondente tipo ou variante deixouse de fabricar.

3. Para disfrutar das bonificacións a que se refiren os apartados anteriores deste artigo os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, data da súa matriculación e a causa do beneficio.

Artigo 8.- PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO (Art. 97 L.R.H.L.)

1.- O período impositivo coincide co o ano natural , agás da primeira adquisición dos vehículos. Neste caso, o período impositivo comeza o día no que se produza a adquisición.

2.- O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.

3.- Nos casos de primeira adquisición do vehículo o importe da cota a esixir prorratearase por trimestres naturais e pagarase o que corresponda os trimestres pendentes por trascorrer no ano, incluído o que se produza a adquisición.

4.- Asemade, procederá prorratear a cota por trimestres naturais nos mesmos termos co punto anterior, nos casos de adquisición dun vehículo a unha Compraventa, cando a adquisición por parte dun terceiro se produza no exercicio diferente daquel no que se anotou a baixa temporal por transferencia.

5.- Nos casos de baixa definitiva, ou baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, prorratearase a cota por trimestres naturais. Corresponderá o suxeito pasivo pagar a parte da cota correspondente os trimestres do ano transcorridos dende o devengo do imposto ata a data no que se produza a baixa no Rexistro de Tráfico, incluído aquel no que teña lugar a baixa.

6.- Cando a baixa teña lugar despois do devengo do imposto e fora abonado a cota, o suxeito pasivo poderá solicitar o importe que, por aplicación do prorrateo previsto no punto 4, lle corresponde percibir.

Artigo 9.- LIQUIDACION

1.- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do primeiro trimestre de cada ano e no período de cobro que fixe o Concello, anunciándoo por medio de Edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia e por outros medios previstos na lexislación ou onde se estime máis axeitados. En ningún caso, o período de pago voluntario será inferior a dous meses.

2.- No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das cotas correspondentes realizaranse mediante o sistema de padrón anual. As modificacións do padrón fundamentaranse nos datos do Rexistro Público de Tráfico e na comunicación da Xefatura de Tráfico relativa as altas , baixas, transferencias e cambio de domicilio. Tamén poderase incorporar outras informacións sobre baixas e cambios de domicilios que poidan dispor o Concello.



3.- Contra as liquidacións incorporadas no padrón, pódese interpoñer recurso de reposición ante o Concello no prazo dun mes contando dende o día seguinte ò da finalización do período de exposición pública do padrón.

XESTIÓN (Art. 98 y ss. L.R.H.L.).

Artigo 10.- ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIONES

1.- A xestión, a liquidación, a inspección e a revisión dos actos ditados na vía de xestión tributaria corresponden o Concello do domicilio que conste no Permiso de circulación do vehículo

2.- Se é o caso de primeiras adquisicións de vehículos ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos deste imposto, os suxeitos pasivos presentarán, ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar dende a data da adquisición ou reforma, unha declaración-liquidación segundo o modelo aprobado polo Concello, que conterá os elementos da relación tributaria imprescindibles para a liquidación normal ou complementaria que corresponda a realización da mesma. Acompañarase a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, e certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

3.- Provisto da declaración-liquidación, o interesado poderá ingresar o importe da cota do imposto resultante da mesma na oficina xestora, ou nunha entidade bancaria colaboradora. En todo caso, con carácter previo á matriculación do vehículo, a oficina xestora verificará que o pago efectuouse na contía correcta e deixará constancia da verificación do impreso da declaración.

4.- Nos supostos de baixa, transferencia e cambio de domicilio que conste no Permiso de circulación do vehículo, os suxeitos pasivos deberán acreditar o pago do recibo do exercicio no cal se produza o cambio.

Exceptúase da referida obriga de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou máis anos de antigüidade que comezará a contar a partir da primeira inscrición no rexistro de vehículos. Sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago de toda-las deudas por dito concepto devengadas, liquidadas, presentadas o cobro e non prescritas.

Artigo 11.- DEVOLUCION DE INGRESOS INDEBIDOS (R.D.163/90 21 septiembre).

1.-Para a devolución de ingresos por erro manifesto, ou por corresponder a devolución do prorrateo nos casos de baixa, deberá solicitarse polo interesado acompañando a súa solicitude o recibo/liquidación orixinal e facendo constar un número de conta bancaria para poder face-lo ingreso do importe da devolución. Requisito imprescindible e que o titular do recibo/liquidación debe coincidir co nome do titular da conta.

2- O procedemento suxeitarase o disposto no Real Decreto 1163/90 de 21 de setembro.



Artigo 12.- APROBACION DE PADRONS

- 1- Os padróns elaboraranse polo Departamento de Xestión correspondendo á Intervención de Fondos a súa fiscalización e toma de razón.
- 2- A aprobación dos padróns e competencia da Alcaldía.

Artigo 13.- EXPOSICION PUBLICA

- 1.- Aprobado o Padrón, anunciarase a súa exposición pública e período de cobro no Boletín Oficial da Provincia e no periódico de maior difusión da provincia e anunciarase no taboleiro de edictos do Concello.
- 2.- Os Padrón fiscais que conteñen as cotas a pagar e os elementos tributarios determinantes das mesmas, expóñense ó público nas oficinas Municipais quince días antes de iniciarse os preceptivos períodos de cobro e por espazo dun mes.
- 3.- Contra a exposición pública dos Padróns, e dos recibos/liquidacións nos mesmos incorporadas, poderase interpor Recurso de Reposición, previo ó Contencioso-Administrativo, no prazo dun mes a contar dende a data de finalización do período de exposición pública do Padrón.

Artigo 14.- RECADACION

A recadación deste imposto realizarase de acordo co seguinte:

- 1- Dos ingresos directos/liquidacións/autoliquidacións. Na oficina de Recadación no momento de presentar a solicitude, tendo a consideración de depósito previo.
- 2- De vencemento periódico. Cando o imposto se exaccione por padrón esixirase no período que acorde o Alcalde ou a Comisión de Goberno.

DISPOSICIÓN ADICIONAL:

As modificacións producidas por Lei de Orzamentos Xerais do Estado u outra norma de rango legal que afecte a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas. No caso de modificación parcial, os artigos non modificados continuarán vixentes



ANEXO TARIFAS VEHÍCULOS

1. As cotas resultantes do previsto no artigo 5.1 e 2 desta ordenanza e que serán de aplicación salvo modificación das tarifas recollidas no artigo 96.1 da lei 39/88 son as seguintes:

POTENCIA E CLASE DO VEHICULO	COTA (EUROS)
------------------------------	--------------

TURISMOS

A1 de menos de 8 cabalos fiscais	17,67
A2 de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	47,71
A3 de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	100,72
A4 de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	125,45
A5 de máis de 20 cabalos fiscais	156,80

AUTOBUSES

B1 de menos de 21 prazas	116,62
B2 de 21 a 50 prazas	166,10
B3 de máis de 50 prazas	207,62

CAMIÓNS

C1 De menos de 1.000 quilogramos de carga útil	59,19
C2 de 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	116,62
C3 de triáis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil	166,10
C4 de máis de 9.999 quilogramos de carga útil	207,62

TRACTORES

D1 de menos de 16 cabalos fiscais.	24,74
D2 de 16 a 25 cabalos fiscais	38,88
D3 de máis de 25 cabalos fiscais	116,62

REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES

E1 de menos de 1.000 e máis de 750 Kg. de carga útil	24,74
E2 de 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	38,88
E3 de máis de 2.999 quilogramos de carga útil	116,62

CICLOMOTORES

F1 Ciclomotores	6,19
F2 Motocicletas ata 125 centímetros cúbicos	6,19
F3 Motocicletas de máis de 125 ata 250 centímetros cúbicos	10,60
F4 Motocicletas de máis de 250 ata 500 centímetros cúbicos	21,21



F5 Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 centímetros cúbicos	42,41
F6 Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos	84,81

2- NORMAS PARA A APLICACIÓN DAS TARIFAS:

Para determinar a cotización de algúns vehículos terase en conta o seguinte:

- Os quads farano por cilindrada.
- Os vehículos mixtos-adaptables por peso.
- Os microcars segundo a cilindrada.
- Os todo-terreos coma un turismo.

MODIFICACIÓNS:

- 1.- BOP nº 250 do venres 30 de decembro de 2011.
-